

REGULAMENTO DA REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS



SANTIAGO DE COMPOSTELA, 1998

Redactado de acordo cos Reais Decretos 1218/1977, de 23 de abril; 2629/1983, de 10 de setembro e 70/1998, de 23 de xaneiro

CAPITULO I

DO OBXECTO DA ACADEMIA

Artigo primeiro.—A Real Academia Galega de Ciencias, domiciliada en Santiago de Compostela, ten como obxectivos fundamentais:

Primeiro.—O cultivo, adiantamento e propagación das Ciencias e as súas aplicacións.

Segundo.—Evacua-las consultas que o Goberno, as Autoridades provinciais e locais lle dirixan sobre calquer asunto de carácter científico e de as súas competencias.

Terceiro.—Promover seminarios e centros de pesquisas para o cultivo, o desenvolvemento da ciencia e a súa divulgación.

Cuarto.—Editar revistas e publicacións de carácter científico.

CAPITULO II

CONSTITUCION DA ACADEMIA

Artigo segundo.—Haberá catro clases de Académicos: de honra, numerarios, supernumerarios e correspondentes. Os Académicos de honra serán dez, os numerarios corenta e os correspondentes non poderán pasar de sesenta, entre nacionais e estranxeiros. Non se establece límite para os Académicos supernumerarios.

Artigo terceiro.—A Academia componse de cinco Seccións, que se denominarán: Sección de Matemáticas, Física e Física do Cosmos, Sección de Química e Xeoloxía, Sección de Farmacia e Bioloxía, Sección de Ciencias Técnicas e Sección de Ciencias Sociais e Económicas. Cada unha destas seccións estará constituída por dous Académicos de honra, oito Académicos numerarios e, como máximo, por doce Académicos correspondentes entre nacionais e estranxeiros.

CAPITULO III

DOS ACADEMICOS

Artigo cuarto.

Un. Os Académicos de honra serán nomeados entre personalidades de extraordinario e relevante prestixio internacional como científicos, ou entre persoas que promoverán o desenvolvemento das ciencias dun xeito notorio e excepcional. Serán elixidos por maioría absoluta de votos en sesión plenaria da Academia, previa proposta e informe da Xunta de Goberno.

Dous. A) As prazas de Académico numerario nomearanse por acordo da Academia, por maioría absoluta en votación secreta, previa presentación por dous Académicos numerarios e informe da Sección correspondente.

B) Os requisitos para poder ser elixido Académico numerario serán:

- a) Ser de nacionalidade española.
- b) Residir en Galicia.
- c) Ser maior de vintecinco anos.
- d) Estar en plenitude de dereitos civís.
- e) Ter probada formación científica e cultural, afín á Sección á que vaia pertencer.

C) Perderase a condición de Académico numerario:

- a) Por cesar de cumprir algún dos requisitos a), b) ou d) do apartado B) anterior.
- b) Por pasar á condición de Académico supernumerario.
- c) Por causa de indignidade, acordada por maioría absoluta en votación secreta entre os membros numerarios da Academia Galega de Ciencias.

D) Os Académicos numerarios pasarán á condición de Académicos supernumerarios, producindo vacante, nas seguintes circunstancias:

a) Cando, sen causa debidamente xustificada, se produza a súa falta de asistencia ás sesións plenarias, ó longo dun período ininterrompido de dous anos. Esta circunstancia será apreciada e acordado o correspondente cambio de condición, por maioría absoluta en votación secreta do Pleno da Academia, a proposta da Xunta de Goberno.

b) A petición propia. Neste caso, o Académico poderá volver á condición de Académico numerario solicitando a primeira vacante que se produza na súa Sección orixinal.

E) No caso de cambia-la residencia para fóra de Galicia, o Académico numerario pasará a

Académico correspondente, recuperando a súa condición de numerario no caso de volver establece-la súa residencia en Galicia, ocupando a primeira vacante que se produza na súa Sección.

Artigo quinto.—Os Académicos correspondentes serán nomeados pola Academia en votación segreda por maioría absoluta de votos, previa presentación por dous Académicos de número e informe da sección correspondente.

Artigo sexto.

Un. Os Académicos de honra e os correspondentes poderán asistir ás sesións da Academia, tendo nelas voz pero non voto.

Dous. Os Académicos supernumerarios gozarán dos mesmos dereitos que os Académicos numerarios, agás o do voto e o de ser elixidos para cargos Académicos.

Artigo sétimo.— Para a toma de posesión dos Académicos numerarios elixidos, estes presentarán á Academia, no prazo de un ano, un traballo orixinal sobre algunha das materias da sección respectiva. A Academia nomeará dous Académicos para que o informen e designará ó Académico de número que haxa de contestarlllo, o cal terá un prazo de tres meses para redactar a resposta. Unha vez presentada ésta, o Presidente da Academia designará día para a recepción solemne. Os discursos imprimiranse.

Artigo oitavo.—Están obrigados os Académicos numerarios a contribuír coas súas tarefas científicas ós fins da Academia, a desempeñar os cargos que ésta ou a sección correspondente lles confira e a asistir ás sesións que aquélas e éstas celebren.

Artigo noveno.—Todo Académico numerario terá a obriga de presentar á sección da Academia a que pertenza, os trábanos que por turno lle sexan encomendados e a facilitar á Academia Galega os datos que se poidan necesitar para a formación do diccionario corporativo. Ademáis cada Académico presentará á súa sección os traballos que teña por conveniente.

Artigo décimo.—Tódolos Académicos recibirán un diploma acreditativo da súa condición. Os de honra e os numerarios usarán como distintivo unha medalla dourada cunha Minerva e o lema "Natureza e Coñecemento", no anverso, o título da Academia e o escudo de Galicia no reverso, cun cordón azul e branco e un pasador. A medalla dos Académicos correspondentes será igual pero prateada.

CAPITULO IV

DO GOBERNO DA ACADEMIA

Artigo décimo primeiro.

Un. A Academia terá para a súa dirección e réxime unha Xunta de Goberno, formada por un Presidente, Vicepresidente, Tesoureiro, Bibliotecario e Secretario, xuntamente cos Presidentes das Seccións.

Dous. Poderá haber un ou varios Presidentes de honra, "que serán designados polo Pleno da Academia, requiríndose para iso maioría absoluta.

Artigo décimo segundo.—Tódolos cargos da Xunta de Goberno serán por cinco anos obrigatorios por primeira vez e reelixibles.

Artigo décimo terceiro.—A elección de cargos da Xunta de Goberno verificarase pola Academia en pleno, en votación segreda e en sesión convocada expresamente a este fin no mes de Nadal de cada quinquenio. Os designados tomarán posesión dos seus cargos en sesión pública, que se celebrará no mes de xaneiro inmediato. No caso de quedar vacante algún destes cargos, a Xunta de Goberno designará quen haxa de ocúpalo deica o próximo pleno de renovación.

Artigo décimo cuarto.—Nos supostos de ausencia e enfermidade, o Presidente será substituído polo Vicepresidente, e á falla deste polo Académico máis antigo. Os demais cargos serán suplidos polo Académico numerario que designe o Presidente.

Artigo décimo quinto.—A Xunta de Goberno coidará o cumprimento deste Regulamento e dos acordos da Academia e representará a ésta.

CAPITULO V

DAS SECCIÓNS

Artigo décimo sexto.—Cada unha das seccións elixirá de entre os Académicos que a compoñen, un Presidente, un Vicepresidente e un Secretario.

Artigo décimo sétimo.—As tarefas que sexan encargadas á Academia por Corporacións oficiais ou particulares serán encomendadas polo Presidente á sección correspondente; ésta nomeará un Poñente e o seu informe será discutido e aprobado, no seu caso, pola sección. Calquer Académico da sección poderá formular voto particular se disentira da opinión dos seus compañeiros, e este voto

particular será transmitido xuntamente co dictamen da maioría.

Artigo décimo oitavo.—As seccións celebrarán as xuntas necesarias para o desempeño das súas tarefas, por disposición dos seus Presidentes ou a petición de dous dos Académicos. A Academia deberá oír o dictame da sección correspondente denantes de resolver sobre calquer asunto relativo ás materias da súa competencia.

CAPITULO VI

DO PRESIDENTE

Artigo décimo noveno.—Serán atribucións do Presidente:

Primeira.—Presidi-las sesións da Academia e dirixi-las discusións, sinalando o orde en que os asuntos deban tratarse.

Segunda.—Fixar día e hora para as sesións ordinarias e extraordinarias que estime convenientes.

Terceira.—Distribuir ás seccións os asuntos nos que cada unha debe entender, dando delo conta á Academia na primeira sesión que celebre.

Cuarta.—Autoriza-la publicación de votacións e acordos da Corporación.

Quinta.—Autoriza-las actas e as certificacións co seu visto bo e firma-los títulos dos Académicos.

Sexta.—Nomear e sinala-lo persoal dependente da Corporación; e

Sétima.—Resolver provisionalmente nos casos imprevistos e urxentes, dando delo conta á Academia na primeira sesión que ésta celebre.

CAPITULO VII

DO SECRETARIO

Artigo vixésimo.—O Secretario terá as seguintes obrigacións:

Primeira.—Convocar ós Académicos para as sesións a que deban asistir, mediante oficio no que se consignen os asuntos sinalados para a orde do día.

Segunda.—Estender e autorizar coa súa firma as actas das sesións que a Academia celebre.

Terceira.—Conservar en boa orde e estado os documentos pertencentes á Secretaría.

Cuarta.—Ter no seu poder os selos e troqueis da Corporación.

Quinta.—Rubrica-la correspondencia oficial que teña que firma-lo Presidente e abrir toda a que se reciba para dar conta dela ó mesmo.

Sexta.—Comunica-los acordos, cando non lle corresponda facelo ó Presidente.

Sétima.—Remitir ás seccións e Académicos os asuntos sobre os que deban informar.

Oitava.—Redacta-la Memoria que cada ano se ha ler en sesión pública, presentando un resume razoado das tarefas das que se ocupou a Academia durante o ano derradeiro.

Novena.—Expedi-las certificacións e copias de documentos que acorde a Corporación.

Décima.—Entender en todo o relativo ó réxime interior e orde administrativo.

Undécima.—Desempeñar, en fin, as demáis obrigacións que lle imponha o Regulamento e as que os seus superiores lle encomenden.

Artigo vixésimo primeiro.—Estarán ó cargo do Secretario os libros de actas e os de rexistro que a Xunta de Goberno teña disposto para o ordeado réxime dos asuntos encomendados á Corporación.

CAPITULO VIII

DO TESOUREIRO E BIBLIOTECARIO

Artigo vixésimo segundo.—O Tesoureiro terá ó seu cargo a recaudación e conservación dos fondos da Academia e non dará entrada nin saída a cantidade algunha sen que proceda orde do Presidente e sen intervención do Secretario.

Artigo vixésimo terceiro.—Para ese obxecto levará un libro da conta diaria de ingresos e gastos que liquidará por meses, autorizándoa co "Interviñen" do Secretario e visto bo do Presidente, e outro libro, resume xeral das contas parciais. Ambos, cos seus comprobantes, quedarán sobre a mesa durante os últimos oito días do ano para que poidan examíalos tódolos Académicos antes de discutirse e aprobarse a xestión administrativa.

Artigo vixésimo cuarto.—En unión do Presidente e o Secretario, serán responsables da

xestión administrativa, mais él serao só dos fondos que houbese, sendo da súa peculiar obriga procurar con toda puntualidade o cobro dos créditos e pago dos débitos. En ausencia e enfermidades será substituído por un Académico de número que nomeará o Presidente.

Artigo vixésimo quinto.—Cantos libros leven o Secretario e o Tesoureiro e cantos expedientes se tramiten pola Corporación quedarán arquivados polo Bibliotecario no momento que se ultimen, tendo especial coidado na súa conservación. O Bibliotecario formará índices e catálogos precisos e exactos de todo o constituínte da Biblioteca e Arquivo, coa correspondente separación de obxectos e materias para que sendo aqueles espellos fieis das existencias da mesma, poda atoparse prontamente calquer documento ou obxecto.

En índice aparte, anotará e arquivará as memorias e demais escritos que os Académicos presentaran á Corporación; os que remitan para optar a premios ou solicitar nomeamento de socio corresponsal, e os que fosen para ser examinados e leídos pola Academia.

Artigo vixésimo sexto.—O Bibliotecario será responsable de canto exista na Biblioteca e Arquivo; para elo non entregará a ningún Académico libro, Memoria nin obxecto algún dos encomendados á súa custodia, senón mediante recibo e por un tempo que non exceda de tres meses. Nos supostos de ausencia ou enfermidade, será substituído por un Académico nomeado polo Presidente.

CAPITULO IX

DAS SESIONS

Artigo vixésimo sétimo.—As sesións ordinarias da Academia serán científicas ou de Goberno. As primeiras poderán ser públicas ou privadas, e ocuparanse exclusivamente de asuntos científicos, podendo tomar parte nas discusións os Académicos numerarios e os correspondentes; mais nas votacións unicamente os Académicos numerarios. As sesións de Goberno serán sempre secretas, e a elas soamente poderán concorrer os Académicos numerarios que foran convocados polo Presidente.

Artigo vixésimo oitavo.—Celebraranse sesións públicas ordinarias para inaugurar anualmente os traballos da Academia e para solemnizar a recepción dos Académicos numerarios e sesións extraordinarias, cando así o dispoña a Xunta de Goberno.

Artigo vixésimo noveno.—Para tódalas sesións convocaranse ós Académicos con corenta e

oito horas de anticipación polo menos.

Artigo trixésimo.—A Academia suspenderá as súas sesións desde o primeiro de xullo ata o quince de setembro.

CAPITULO X

DOS FONDOS

Artigo trixésimo primeiro.—Os fondos da Academia estarán constituídos por:

Primeiro.—As cantidades que consignen con ese obxecto os presupostos do Estado, a Provincia e o Municipio.

Segundo.—Os donativos que ofrezan persoas ou Entidades particulares.

Terceiro.—Os dereitos que perciba polos traballos que teña verificado a instancia ou en beneficio de particulares.

Artigo trixésimo segundo.—Cos fondos das Corporacións atenderase:

Primeiro.—Ó fomento da Biblioteca, Museos, Laboratorios e demais dependencias científicas.

Segundo.—Á publicación de traballos científicos e ó intercambio deses coas outras Academias similares.

Terceiro.—Á adxudicación de premios; e

Cuarto.—Ás demais atencións que acorde a Xunta de Goberno.

CAPITULO XI

DOS PREMIOS

Artigo trixésimo terceiro.—A Academia, á vista do estado dos seus fondos, acordará se pode ou non adxudicar anualmente algún premio. Se elo é posible, cada unha das seccións, por turno rigoroso, determinará o tema e demais condicións do concurso. Se algún particular ofrecera fondos á Academia para este obxecto, a Academia, de acordo co fundador do premio, determinará as condicións en que éste deba adxudicarse.

CAPITULO XII

CONSELLO DE PUBLICACIONES

Artigo trixésimo cuarto.—Para todo o relacionado coa publicación do "Boletín" da Academia e demais publicacións, establecerase un Consello de Publicacións composto por un Presidente e un Secretario, que serán os da Academia, e do que formarán parte como vocais o Bibliotecario e un vocal elixido por votación segreda polos membros da Academia.

CAPITULO XIII

DA MODIFICACION DO REGLAMENTO E DA DISOLUCION DA ACADEMIA

Artigo trixésimo quinto.—Para a modificación do presente Regulamento necesitarase o acordo por maioría absoluta dos Académicos numerarios, reunidos en sesión extraordinaria convocada a este respecto. A proposta de modificación elevarase ó Ministerio de Educación e Ciencia.

Artigo trixésimo sexto.—Para a disolución da Academia será preciso que o acorde así cada unha das cinco seccións por maioría absoluta dos Académicos numerarios de cada sección. Este acordo haberá de ser confirmado pola Academia en pleno, tamén por maioría absoluta dos Académicos numerarios e precisará a aprobación por Decreto, a proposta do Ministerio de Educación e Ciencia. Os bens e fondos remanentes pasarán a aquela ou aquelas institucións científicas galegas máis afíns coa Academia, segundo esta acorde no acto da disolución.